

PIORNEDO

Piornedo é unha Aldea de alta montaña (preto de 1200 n de altitude), está situado na falda dun dos montes mais emblemáticos da Serra de Ancares (Mustallar), ten unha disposición nuclear, coas casas moi xuntas e as fincas arredor, desa maneira cando caen nevadas grandes estamos preto uns dos outros para botarnos unha man e para pasar o tempo (nos longos invernos é cando hai mais tempo libre, aínda hoxe, para ir á “polavila” ou á cantina e para facer festas).

Esta pequena aldea está composta por un total de 18 casas, contaba a primeiros do século XX mais de 200 habitantes e hoxe andaremos pola trintena. A emigración foi reducindo drasticamente a poboación en toda a zona e non é difícil atopar aldeas abandonadas ou sen mocidade; este feito trouxo consigo o aumento da depresión e o desánimo, a quebra da confianza en nós mesmos e da autoestima, o deterioro da riqueza cultural e patrimonial, a degradación do medio con montes inzados de maleza que incrementa o perigo de incendios forestais etc. Perdemos en cincuenta anos 2/3 da poboación e varias casas xa só se abren en temporadas de vacacións.

A característica distintiva de Piornedo é a de ter o maior conxunto conservado de pallozas probablemente de Europa. Nestas casas vivimos case tódalas familias do pobo ata a década dos setenta, coas nosas facendas (imprescindibles para producir calor); fomos deixando de vivir nelas e hoxe utilízanse para gardar o gando e a herba, algunhas como museo... mantivéronse en pé en Piornedo grazas ao interese que espertou a aldea no seu conxunto e a que continuaron sendo de utilidade. De feito as pallozas son as construcións características de tódolos pobos destas montañas pero, desgraciadamente, consérvanse poucas e mal.

Malia a ser un lugar frío pola altitude o emprazamento presenta grandes atractivos, é un pobo chan, compacto, protexido polas montañas e ten recunchos de gran beleza, aínda que cómpre mellorar a conservación do conxunto.

Tamén hai que dicir que sufrimos problemas polo illamento da zona e a falta de servizos, bastante común no rural, como é a ausencia de alumado nos camiños, a comunicación telemática, etc.

ALGÚNS RETAZOS DE HISTORIA:

A idea de que esta sempre foi unha zona atrasada e illada aparece insistentemente en tódolos libros que van caendo nas nosas mans, nosoutros pensamos, en cambio, que este fenómeno é moderno e froito do progreso. A mediados do século pasado produciuse unha gran transformación socioeconómica, construíronse moitas carreteras, a xente empezou a ter coches particulares, melloráronse as vivendas e as explotacións agrarias, aumentaron os servizos públicos, etc., todas esas transformacións non chegaron aquí ata moito mais tarde e algunhas non chegarán nunca (transporte público, servizos sanitarios) e esa carencia é a esencia da incomunicación que padecemos.

Antes, en cambio, a finais do século XIX e primeiros do XX, a xente ía a Arxentina e volvía, traballaban nas minas do Bierzo, había un gran intercambio cultural e económico a través das feiras parroquiais (Donís, Seixas...) e comarcais (Navia de Suarna, O Espín...), estabamos relativamente cerca da única vía de comunicación importante (N. VI)... a xente trasladábase no medio de comunicación normal na época (o cabalo) e había sitios nos que podías deixalo un día ou dous se tiñas que continuar viaxe...



Piornedo en 1950

Seica en tempos pasados este pobo foi incluso importante como demostra o feito de que houbera un escriban ata finais do século XVII e tamén din que houbo algunha norma, durante moitos anos, que lles permitía ós mozos que estaban en quintas optar entre ir servir ó Rei ou manter limpos de neve os camiños que comunican ca zona de León; era esa unha tarefa importante porque ata aquí chegaban os pastores transhumantes cos seus rabaños de cabras e ovellas, dos que se poden ver na nosa braña (no lugar chamado a Meixón Vella) os restos dos correlos e as cabanas dos Estremeños.

- Un sistema de organización e toma de decisións comúns: no que os elementos esenciais son “o Concello” e “o celador”.

O concello consiste na xuntanza de todos os veciños para debater e organizar os problemas e as tarefas que lles afectan. Na actualidade en Piornedo celébranse na escola sempre que hai que acordar cuestións do monte (rozar sendeiros, arranxar a alambrada das verdías, plantacións...) ou do pobo (traída de augas, amañar camiños e fontes...). Cada familia ten dereito a un voto aínda que poden asistir ó concello varios membros de cada casa.

O celador é o encargado de xuntar ó pobo a petición dalgún veciño e de informar do motivo do concello; é ademais o custodio temporal do libro (no que se apuntan contas e cuestións importantes). O cargo vai rotando mensualmente por todas as casas.

- A defensa do monte.

O monte é unha das nosas riquezas máis importantes e foi tamén fonte de moitos problemas e litixios. Continúa sendo propiedade do veciños, está sen dividir pero a cada veciño correspóndelle unha parte proporcional que se mide en fanegas.

A defensa dos intereses do monte levounos xa a finais do século XVIII a un preito na Real Chancillería de Valladolid con veciños de Suarbol, por mor dos aproveitamentos de pastos, leñas mortas e madeira, nos lindes entre os montes dos dous pobos, que finalizou coa Real Carta Ejecutoria de 1799 do Rei Carlos IV mediante a cal se nos outorgaban eses dereitos e se prohibía expresamente apresar gando solto (o que nós chamamos prindar). A mediados do século XX volveu a plantexarse a mesma cuestión cos veciños de Suarbol e tamén fomos ós tribunais; naquela ocasión o monte de Suarbol xa pasara a ser Monte en Man Común, polo que o preito acabou sendo contra o Estado. A sentenza do tribunal supremo (sala do contencioso-administrativo) o 3 de xullo de 1965 estimaba o recurso interposto polos veciños de Piornedo contra resolución da Dirección Xeral de montes sobre recoñecemento de determinados gravames no monte de Suarbol.

A finais do século pasado volveu a suscitarse a cuestión da defensa dos intereses lexítimos do monte impedindo o pobo que se construíse unha estrada pola reboleira do Val da Freita.

Tamén tivemos que organizarnos e realizar xestións colectivas para evitar que o noso monte pasara a ser de Man Común por decreto, para que non se realizaran plantacións de piñeiros...

- A chegada da carreteira.

A primeiros do s. XX a estrada chegou os Cabaniños (a uns 10 km de Piornedo) grazas a unha empresa madeireira que a precisaba para sacar a madeira do Avisedo de Vilarello. Foron aqueles uns anos de bonanza económica para toda a parroquia porque había moitos xornais para picar pedra, manter as liñas, talar árbores, etc. Abríronse bares e fondas, fixéronse arranxos nas casas...

A partires dese momento empezaron achegar os materiais para as casas ata Os Cabaniños e dende ese lugar transportábanse con cabalos ata os pobos. Tamén recordamos algúns, polos anos 60, ir a cabalo ata este lugar, onde viña dúas veces ó ano un médico e unha enfermeira para mirar e vacinar os nenos. Por paradóxico que pareza foi a vez que tivemos os servizos sanitarios mais cerca e continúan alonxándose... hoxe o pediatra mais cercan está en Becerrea (a 60 km.), dúas veces por semana.

Foi en 1970 cando chegou a carreteira ata Piornedo (aínda sendo un dos lugares privilexiados da parroquia porque xa empezaba a ser coñecido) e con ela os primeiros coches. Este feito supuxo un avance importante pero no inverno a incomunicación era case continua a causa das nevadas, das xeadas na costa dos Cabaniños, etc. Hoxe en tódolos pobos hai unhas coitelas que se adaptan ós tractores para retirar a neve e a estada por Navia de Suarna axudou a manter comunicada esta parte da serra.

- A luz eléctrica.

Tivemos unha planta propia, movida por unha turbina no río, que funcionou ata 1965 e, aínda que non era moi potente, alimentaba seis lámpadas por casa. A auga do río movía tamén seis muíños (un por cada tres ou catro veciños) dos que hoxe se conserva parte das paredes. Despois de 1972 fixeron os tendidos de Fenosa; supuxo un avance importante pero había longas e constantes avarías producidas sobre todo polo aire e as nevadas.

- A escola.

Piornedo foi o segundo pobo de Cervantes en ter escola, dispois de Vilanova. Mandaron un mestre para a parroquia e como en Donís non cederon ningún local aproveitaron a ocasión e ofreceron o cuarto de Pedrete. Despois xa quedou para sempre a escola en Piornedo, primeiro no cuarto de Pedrete e despois no do Coxo. Foi aló Polo ano 45 cando fixeron o local da escola (con casa para o mestre que antes vivía no cuarto da Rigueira) que hai hoxe, en pago pola madeira do Val da Freita que vendeu o pobo. A escola foi entón unha consecución dos veciños e un feito moi valorado por todos, pero a diminución do número de nenos fixo que se acabaran construíndo colexios mais grandes e concentrando neles os nenos de varios lugares. Hoxe en día utilízamola para as xuntanzas do concello e como sé da Asociación "O Teixeiro".

- A traída da auga.

A traída da auga tamén é unha gran obra feita polos veciños. Moitos recordamos como entre os anos 1973 - 1976 os veciños, cansos de ir buscar caldeiros de auga á fonte e empuxados pola necesidade de instalar cuartos de baño, empezaron a facer longos e tensos concellos nos que ó final decidiron traer entubada unha parte da auga da Fonte de Sana Barrigas (a uns 5 Km.). Puxeron todos a man de obra e, coa axuda do cura, pediron unha subvención para mercar os tubos. O sistema de reparto da auga, que dura dende aquela, é orixinal pois tódolos veciños teñen dereito á mesma cantidade de auga e poden regar co que non consumen.

- O abandono das pallozas como vivenda.

Como xa vimos anteriormente cando veu a estrada foi cando empezamos a deixar de habitar nas pallozas, por varias razóns: chegaban os materiais en camións ata o pobo o que abarataba moito o custo das obras, empezou a vir moita xente de fora que quería ver como vivíamos nas pallozas e producíanos algo de vergoña vivir nun escaparate, cada vez se lle daba máis importancia a cuestións como a hixiene... Daquela foi cando se fixeron a maior parte das casas nas que vivimos actualmente, case todas ampliando os cuartos dos que xa dispoñían as familias.